



CentroComercialAberto

ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio



Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 161. Xuño 2019. Distribución gratuíta

Descontos e numerosos premios na Noite Aberta do comercio local

O venres 21 de xuño, de cinco da tarde a doce da noite, o comercio asociado de Melide celebrará unha edición máis da Noite Aberta. Preto dunha trintena de establecementos abrirán as súas portas con descontos de ata o 80 por cento e promocións de 2x1 e incluso 3x1. Tamén se repartirán 1.000 euros en premios nas tarxetas rasca que os comerciantes entregarán con cada compra. A Noite Aberta contará coa presenza da imaxe do CCA-Asetem, Eva Iglesias. P3



COMARCA
Prisión para dous dos tres detidos pola morte dun home en Toques P13

COMARCA
Veciños de Santiso esixen a Augas de Galicia a limpeza do río Ulla P14


LE CER
Charamela, premio Terra de Melide á defensa do idioma P11

ENTREVISTA



Conchita Rodríguez,
Autoescuela Marte, P23

O PP perde a maioría en Melide e a esquerda gaña na comarca Herba Grileira celebra o 22 de xuño o décimo aniversario



A formación Adiante Melide, con José Manuel Pérez á cabeza, irrompe con forza con cinco escanos, mentres os socialistas xa garantiron "o relevo no goberno". P11



Cumpren dez anos no seu mellor momento e decidiron celebralo cunha xornada aberta a todo o pobo o 22 de xuño. Haberá percorrido musical e varios concertos. P18

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

29 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Non é un xogo de nenos

Nos tempos nos que vivimos todo sucede a unha velocidade vertixinosa. Prodúcese un acontecemento e nun abrir e pechar de ollos está esquecido e xa pasamos a outra novidade. Iso estamos facendo perder a capacidade de reflexión e análise en torno a algunhas das problemáticas máis comúns que se nos presentan no día a día. Non nos paramos a pensar sobre o perigo que supoñen e as consecuencias que poden traer a longo prazo. Falamos por exemplo do acoso en calquera dos seus ámbitos.

Quen non se viu sometido nalgún momento da súa vida a críticas mal intencionadas ou burlas doutras persoas de xeito continuado. Hoxe en día chámanlle bullying, pero máis aló de cambiarlle o nome, que estamos facendo realmente para evitalo?.

Chama poderosamente a atención que no segundo entorno onde os máis pequenos deberían aprender a respectarse –o primeiro debería ser no fogar coa familia–, sexa onde máis casos de acoso se producen: no entorno escolar. E iso que recentemente soubemos que os datos dos que dispoñemos na actualidade non son fiables, pois segundo vén de facer público Amnistía Internacional no seu estudo *Hacer la vista...*



igorda!: El acoso escolar en España, un asunto de Derechos Humanos, no que realizou unha completa investigación centrada sobre todo nas comunidades de Galicia e Extremadura, existen miles de casos de acoso escolar entre iguais que están sen documentar. É dicir, hai un gran número de nenos e nenas que sofren acoso escolar e ninguén o sabe, ou o que é peor, si o saben e ninguén fai nada.

Que estamos facendo tan mal? Porque dende logo como sociedade algo estamos facendo mal. Todos gastamos bromas de mal gusto, e tamén todos as sufrimos, mais a partir de aí que leva a unha persoa a comportarse con outra do seu igual de xeito miserable repetidamente? Non se trata dun xogo de nenos así que prestemos atención, e o máis importante, eduquemos na responsabilidade e na tolerancia porque eses

nenos algún día serán adultos, tanto o acosador como o acosado.

Seguramente a todos nos soe o nome de Verónica. Hai poucos días coñeciamos o caso desta moza que se quitou a vida por mor dun vídeo persoal que os seus compañeiros de traballo fixeron circular duns a outros sen pararse a pensar por un momento no dano que poderían estar causando. E non fai falla buscar nos medios de comunicación casos así, abonda con mirar ao redor e seguro que todos coñecemos algún caso semellante con ou sen final trágico. Isto non é algo puntual. Non podemos lamentarnos, pasar páxina e aos dous días esquecernos. Non se trata de algo puntual nin, como xa dixemos, dun xogo de nenos. Deámoslle logo a importancia e a reflexión que merece e eduquemos para lograr unha sociedade máis xusta e tolerante.

Tribuna de opinión

Hora de sumar

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



O xornal Cerne publica este mes dúas boas novas relacionadas co tecido asociativo da comarca. Unha delas é o décimo aniversario da asociación cultural e musical Herba Grileira, e a outra a entrega do premio Terra de Melide á defensa do idioma á Asociación Cultural Charamela, que leva máis dunha década sobre os escenarios.

Ambas celebracións fannos reflexionar sobre o importante labor que desenvolven as asociacións na nosa comarca, pois en edicións anteriores tamén recibiron recoñecementos semellantes colectivos como O Noso Lar ou a Asociación Cultural O Castelo.

E dicimos que realizan un labor importante porque dinamizan a vila e serven de ferramenta de cohesión social. Implican a persoas de todas as idades en fins comúns e iso leva aparelado romper as barreiras xeracionais

e aparcar as posibles diferenzas. Nunca tan certo foi iso de que “se nos xuntamos sumamos máis”, e sumamos aprendizaxe, sumamos apoio e medramos tanto como persoas como colectivo.

Está demostrado que cando se perseguen obxectivos comúns o mellor xeito de defendelos e conseguilos é a través do asociacionismo, pois a oportunidade que nos brindan os diferentes colectivos para acceder a novos campos é enorme.

Dende Asetem queremos felicitar a Herba Grileira polo seu décimo aniversario e a Charamela polo recoñecemento, así como a todos aqueles colectivos que dun xeito ou doutro -ao igual que facemos os empresarios- tratan de sumar. E non só iso, tamén queremos animar á participación para que todas as entidades sigan medrando e dinamizando a nosa comarca e, en definitiva, sigan sumando.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xosé Núñez López e alumnos e alumnas do IES Melide

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

| | |
|-------------------------|----|
| - OPINIÓNS..... | 2 |
| - EMPRESA..... | 3 |
| - MELIDE..... | 11 |
| - COMARCA..... | 13 |
| - CULTURA E LECER | 18 |
| - COLABORACIÓNS..... | 21 |
| - ENTREVISTA..... | 23 |

Numerosos descontos e 1.000 euros en premios na Noite Aberta

Nesta edición, que se celebrará o venres 21 de xuño, participan un total de 26 establecementos asociados



É a mellor maneira de anticiparse ás rebaixas, e no Centro Comercial Aberto Asetem sábano. Por iso, o vindeiro 21 de xuño celebrarase unha nova

edición da Noite Aberta; unha xornada repleta de descontos, sorpresas e numerosos premios que farán do comercio local melidense o lugar máis

atractivo de toda a contorna onde realizar as compras.

Este ano participan un total de 26 establecementos entre os que atoparemos moda e com-

plementos para todas as idades, e tamén calzado, electrodomésticos, deporte, ópticas, saúde, entretemento para os máis pequenos, etc.

Xunto aos descontos de ata o 70 e o 80 por cento, así como as ofertas de 2x1 e mesmo 3x1, repartiranse 1.000 euros en premios durante a xornada de compras, que nesta ocasión irá dende as cinco da tarde ata as doce da noite. Para iso, os establecementos entregarán tarxetas rasca con cada compra que permitirán optar a diferentes agasallos así como aos premios do sorteo que se celebrará ao remate da xornada. Haberá vales desconto, lotes de produtos locais, un circuíto termal e moitas máis sorpresas.

Presenza de Eva Iglesias

Como imaxe do Centro Comercial Aberto Asetem que é, a cantante e colaboradora televisiva Eva Iglesias tamén estará presente nesta edición da Noite Aberta. A artista galega chegarase a Melide para visitar as diferentes tendas durante a xornada e participar no sorteo final. Tamén haberá a oportunidade de fotografarse con ela nun photocall que Asetem instalará para a ocasión.

ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES:

ALAIN AFFLELOU
CALZADOS BROZ
COLORÍN COLORADO
DIVA PRO HAIR & BEAUTY
EKATÉ
ELECTROSAN
GRUPO NOGUEROL
LEIVA MOTOSPORT
MAGNÍN MODA
MERCERÍA ISABEL
MERCERÍA MARVI
MIS MEJORES LABORES
MODAS DÁNDOLO
MUXICA – TENDA XOVEN
M&M MODA
ÓPTICA TÁBORA
PARAFARMACIA O CANTÓN
PASARELA
ROMERO ZAPATERÍAS
SALACADULA SHOP
SISUKA MODA
SPORT MODA
SUEÑOS
TOYS MANIATIC
TU BOUTIK
ZAPATERÍA PEQUENIÑOS



www.floristeriamaru.es

floristeria.maru@gmail.com



Floristería Maru / María Cabado


Floristería MARU

Vodas, comunións, bautizos... no día máis especial elixe a confianza e o saber facer de Floristería Maru

Rúa do Convento, 9

15800 · A Coruña

Tfns. 981 50 75 80 / 607 50 75 79



PERITOS MELIDE

Javier López López - ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Informes de validación gráfica alternativa
- Fotos antigas do Catastro
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos e traídas de auga

Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com

Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Balance positivo na asemblea xeral ordinaria de Asetem - CCA



Secretario, presidente, tesoureiro e xerente de Asetem na asemblea

A Asociación de Empresarios Terra de Melide celebrou a finais do mes de maio a súa Asemblea Xeral Ordinaria. O presidente da entidade, Manuel Vázquez, fixo un balance do exercicio anterior a través dunha carta dirixida aos socios. Pola súa parte, o secretario, José Ramón Villamor, leu as actas correspondentes á asemblea xeral ordinaria e extraordinaria do exercicio anterior; mentres que o tesoureiro, José Valiño, explicou as contas.

Tamén se aprobou a memoria de actividades realizadas ao longo do ano pasado, así como as contas, e ratificáronse un total de 15 altas e 16 baixas en todo o ano. Durante a asemblea os socios e socias foron informados de que se solicitou novamente a axuda para Asociacións de Comerciantes sen ánimo de lucro, para dinamizar os Centros Comerciais Abertos e Prazas de Abastos; e decidiuse que a partir de agora todas as comunicacións de Ase-

tem se fagan a través de correo electrónico en vez de a través de correo postal convencional.

Estado das contas

En relación ás contas do exercicio anterior dende a Asociación de Empresarios informouse de que se obtivo un balance positivo a final de ano e mesmo cun pequeno beneficio. Ademais, neste momento non existen créditos pendentes de pago nin débedas a longo prazo na asociación. Por este motivo tratouse a posibilidade de empezar a investir no mantemento da sede social da Asociación; por exemplo substituíndo a iluminación actual por unha de tipo Led para reducir gastos. Acordouse facelo de xeito gradual e a medida que as actuais lámpadas se vaian fundindo.

Cumpre sinalar que, un ano máis e dende que está vixente a actual directiva, ningún cargo directivo da asociación percibe algún tipo de retribución económica.

Asetem organiza un ciclo de conferencias para o comercio



Ana Mato e Eva Novás serán as avogadas (ambas socias de Asetem), encargadas de ofrecer as conferencias

Co obxectivo de mellorar a xestión comercial do pequeno comercio, Asetem - CCA organiza un ciclo de conferencias os días 12 e 13 de xuño. A primeira das conferencias, o mércores 12 de xuño, será a cargo da avogada Ana Mato Salgado, e tratará temas como a "Inspección de traballo, de comercio e de comercio electrónico". Pola súa parte, o xoves día 13 a relatora será Eva Novás, tamén avogada e que informará aos presentes sobre a "Lei de Pro-

tección de datos e a nova normativa de rexistro horario".

Aínda que non é obrigatorio inscribirse si sería conveniente anotarse para ter un número aproximado de asistentes, xa que ao final de cada conferencia terá lugar un pequeno petisco para todos. Os interesados en participar poden anotarse chamando por teléfono ao número da asociación (981 50 61 88).

Ambas charlas terán lugar a partir das 20.45 horas no Hotel Carlos 96 de Melide.



* **Bautizo, comunión, cerimonia y arras** *

Travesía do Convento, 1 (981 94 24 15) - Melide

Ser inpecable está de moda
CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA

www.plagostel.com
Plagostel
N.R.S. (0177-GAL-SP0)

Analíticas alimenticias | Laboratorio Legionela | Control de plagas
Manipulación alimentos | Formación

comercial@plagostel.com | 986 118 714 | 698 163 399

EMPRENDEDORES EN MELIDE

LUIS MIGUEL PULIDO LÓPEZ

Escala 5.9 Espectáculos (Melide) - Tlfn.: 609 923 888

“Animaría á xente a que apoie a verbena; viven moitas persoas dela e xera riqueza”

Leva preto de dúas décadas traballando no mundo do espectáculo e, dende febreiro ao fronte de Escala 5.9 Espectáculos; unha empresa que conta entre as súas formacións con orquestras de renome como París, Panorama ou Combo Dominicano. Recoñece que é un mundo duro, que sufriu un gran cambio, pero tamén moi gratificante. Os seus servizos poden contratarse directamente por teléfono, a través de Facebook e tamén na páxina web Gaias Eventos.

- Que xestión concreta-mente Escala Espectáculos?

- Luis Miguel Pulido (L.P.): Levamos o que é o tema das orquestras para dez concellos desta zona, entre eles atópanse os da comarca: Melide, Santiso, Sobrado e Toques. Temos 66 formacións entre as que se inclúen a París de Noia, Panorama, Olympus ou Combo Dominicano e moitas outras máis. Trátase de organizar festas, eventos e este tipo de actos; e xestionamos todo, dende o papeleo en relación aos autos, os permisos con Facenda, os permisos cos Concellos, Seguridade Social e todo o necesario. E tanto traballamos con eventos máis pequenos como pode ser unha voda ou un bautizo dinamizado por un dúo, como grandes eventos como son as festas de San Roque en Melide ou similares.

- Como e cando xurdiu a empresa?

- L.P.: Xunto con outra empresa de Melide eu xa levo no mundo do espectáculo moito tempo, preto duns vinte anos, pero esta empresa como tal botou a andar no mes de febreiro. Collín eu estas formacións para seguir adiante con elas.

- Como ve o mundo do espectáculo?

- L.P.: Cambiou moito. Agora hai cada vez máis competencia, as orquestras avanzaron un montón, algunhas festas en vez de festas pasaron a ser case macroconcertos de moitísima xente, e o sector está un pouco tocado porque cada vez inclúense máis gastos e hai menos xente nas aldeas, pero bueno, vaixe levando. Iso si, eu animaría a toda a xente a que apoie a verbena, porque ao fin e ao cabo vive moita xente dela e xera bastante riqueza.

- Que é o que máis se demanda hoxe en día?

- L.P.: Depende da zona, pero está claro que todo o mundo desexaría ter orquestras como a París, Panorama,



o Combo ou a Olympus. As grandes formacións é o que máis queren. Logo xa se demandan algunhas como Os Satélites, Gran Parada ou Marbella.

- Por que son tan demandadas?

- L.P.: Son un mundo á parte por dicilo dalgunha maneira. Arrastran a moitísima xente, contan cunhas montaxes e espectáculos impresionantes, están sempre a última moda e iso é o que chama ao público.

- Entendo que os prezos tamén son bastante diferentes?

- L.P.: Si claro. A ver, é certo que hai espectáculos puntuais como os das grandes orquestras que non todo o mundo se pode permitir, pero hai que apoiar a todos. Nós o que queremos é que en todas as aldeas soe a música, por iso contamos con prezos accesibles para todos, tendo en conta tamén que varían moito dependendo da data. Non é o mesmo unha orquestra pola semana que na fin de semana, non é o mesmo tampouco no mes de abril que nos meses de maio, xuño, xullo e agosto. Poden variar os prezos das grandes formacións dende os 6.000 ata os 30.000 euros.

- Cal é a temporada máis alta?

- L.P.: A temporada comeza

en maio e remata entre mediados e finais de setembro. E entre os días máis demandados están o 15 de agosto, os sábados do mes de agosto, e en xeral os sábados todos da temporada. É conveniente reservar sempre con moita antelación, date conta de que hai certas formacións que mesmo para o ano que vén xa teñen case todo o mes de agosto e as fins de semana ocupadas.

- E dura a vida do espectáculo?

- L.P.: A verdade é que bastante, porque antes tiñas un local e a xente viña onda ti para consultarche. Hoxe en día non hai nada diso, tes que ir ti a todos os lados, hai moita competencia, as comisións de festas reciben ata seis e sete presupostos, e ademais hai que facerlles todo. Non é como antes que collías unha orquestra e pouco máis, agora tes que levar todo, tes que levar electricidade, o tema de autores, permisos, seguros, e o peor é que cada vez xuntan menos cartos tamén; o que che dicía, menos xente nas aldeas e presupostos máis pequenos.

- Por rematar cun bo sabor de boca, que é o mellor do seu traballo?

- L.P.: O que máis me agrada é que a xente quede contenta, que o pasen ben, que disfruten da festa e que todo saia ben.

POR SER DE XUSTIZA

O rexistro da xornada laboral



Eva Novás
Avogada

O 8 de marzo deste ano publicouse o Real Decreto Lei 8/2019, de medidas urxentes de protección social e de loita contra a precariedade laboral na xornada de traballo, e con el, a obriga dende o 12 de maio de rexistrar a xornada laboral de todos os traballadores.

A razón desta nova obriga é, segundo se di na norma, garantir o cumprimento dos límites en materia de xornada, crear un marco de seguridade xurídica tanto para os traballadores como para as empresas e, por último, posibilitar o control por parte de Inspección de Traballo e Seguridade Social. Preténdese a protección dos traballadores e o respecto as regras relativas á xornada máxima de traballo

por entender que realizar unha xornada laboral superior á legalmente prevista, fai precario o mercado de traballo, pois afecta ós seus elementos fundamentais, o tempo de traballo e ó salario, impide a conciliación da vida laboral e familiar e afecta ás cotizacións á Seguridade Social, xa que se ven diminuídas ó non cotizarse polo salario que realmente correspondería percibir ó traballador pola xornada realizada.

A obriga de rexistrar a xornada pode compatibilizarse coa flexibilidade horaria que permita ás empresas adaptar as súas necesidades á produción e ó mercado, en canto á distribución irregular da xornada, as xornadas a quendas ou á realización de horas extraordinarias.

O Real Decreto ven a modificar o Estatuto dos Traballadores, en canto á xornada de traballo, establecéndose que as empresas deberán garantir o rexistro diario da xornada dos seus traballadores, que deberá incluír o horario concreto de inicio e de finalización de dita xornada de cada persoa, sen prexuízo da flexibilidade horaria permitida. A forma de organizarse e documentarse este rexistro da xornada poderá facerse mediante negociación colectiva ou acordo da empresa ou ben mediante decisión do empresario previa consulta cos representantes legais dos traballadores. Estes rexistros da xornada diaria, calquera que sexa a forma en que se realicen, terán que conservarse polas empresas durante un prazo de catro anos. Ademais, deberán estar a disposición dos traballadores, dos seus representantes legais e da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

O rexistro é obrigatorio para a totalidade dos traballadores, con independencia da súa categoría, grupo profesional e sector de actividade. Tamén para todas as empresas, calquera que sexa o seu tamaño ou a forma de organización do seu traballo, e a obriga comprende ós traballadores que se desprazan ou móbiles, comerciais, temporais, traballadores a distancia ou calquera outra situación na que a xornada no se realiza, total ou parcialmente, no centro de traballo da empresa.

A norma tamén modifica a Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, para tipificar como infraccións de orde social as derivadas de incumprimentos relativos ó rexistro de xornada. Por iso, con independencia da forma que se escolla para rexistrar a xornada diariamente, é importante recordar que dende o 12 de maio deste ano é obrigatorio facelo. E que concretamente recolle como infracción grave a transgresión das normas e límites legais en materia de xornada, traballo nocturno, horas extraordinarias, horas complementarias, descansos, vacacións, permisos, o rexistro da xornada e, en xeral, todo o referido ó tempo de traballo. As sancións poderán graduarse pero poderán chegar ata os 6.250 euros.

Compre analizar en cada caso de que tipo de empresa se trata, do número de traballadores e da modalidade dos seus contratos para adaptala de maneira inmediata ás novas obrigacións, escollendo a forma de rexistro que máis se adecúe á súa actividade, o que seguro evitará moitos problemas futuros.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

De todo para os peregrinos no novo establecemento de Muxica



Diversificar en torno a un dos emblemas de Melide: o Camiño de Santiago. Con ese obxectivo Muxica Tenda Xoven vén de abrir un novo establecemento en Melide situado na rúa do Cantón de San Roque. Trátase dunha tenda orientada maiormente aos peregrinos con todo tipo de produtos e obsequios relacionados con esta ruta de peregrinación. Baixo o nome Muxicas do Camiño, o establecemento abre as súas portas de luns a venres en horario de mañá e tarde; e sábados e domingos pola mañá.

Casa Juanito, protagonista do primeiro “Escaparate” da TVG



O comercio de Melide será protagonista nun dos novos espazos da Televisión de Galicia; trátase do programa “Escaparate” no que os distintos establecementos se someten a unha transformación radical e ao mesmo tempo relatan a súa historia. A produtora Tamboura Films, encargada deste espazo, gravou xa o primeiro programa para a TVG no comercio melidense Casa Juanito. Aínda que continúan coa fase de gravación noutros establecementos está previsto que a mediados de xullo se comece coa emisión. No primeiro episodio poderemos ver como Casa Juanito somete o seu escaparate a un cambio radical ademais de coñecer a historia que hai detrás do mostrador.

Novo curso de Benestar Animal

Dentro das actividades de formación que con carácter periódico desenvolve a Asociación de Empresarios Terra de Melide está prevista a realización dun novo curso de Benestar animal antes do mes de agosto; sempre e cando se acade un mínimo de alumnos inscritos e que neste caso sería de 20. Por iso, todos aqueles que estean interesados en realizar a formación xa poden anotarse na sede de Asetem ou tamén chamando por teléfono ao 981 50 61 88. O curso de Benestar Animal realizárase como de costume en horario de tarde, de 20.45 a 23.15 horas, na sede de asociación e permitirá aos alumnos obter a documentación necesaria para o coidado e transporte de animais vivos, así como para traballar en granxas, centros de concentración e matadoiros.

SABER DE LEI



Separación de bens ou sociedade de gananciais?



Ana Mato Salgado
Avogada

Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº 15-2º
(Melide)

Está a punto de chegar o verán e polo tanto a punto estamos de comezar coa temporada de vodas. Tanto os divorcios como as vodas son decisións persoais cun alto compoñente emocional, cunha carga importante de estrés, pero tamén con implicacións económicas e financeiras que convén ter en conta, máis alá dos gastos propios que implica o evento. Polo tanto, tamén xorden dúbidas de carácter xurídico sobre as mesmas; separación de bens ou sociedade de gananciais? Está claro que cando uns noivos se casan non pensan no divorcio, nin en que algún día se van a separar, pero nos últimos anos cada vez son máis as parellas que antes de casarse se preguntan esta cuestión, a pesar de que a priori soe engorroso, ou sexa un símbolo de desconfianza nun momento tan emotivo. Pero o certo é que xa é un tema que se fala máis e que polo menos se pensa nel e se debate; cal será o réxime económico que rexerá no matrimonio? Pero, que significa unha cousa ou a outra?

A sociedade de gananciais é a que rexe automaticamente no matrimonio (cando non se especifique o contrario) en Galicia, isto quere dicir que dende o momento do enlace cada un dos cónxuxes é propietario ao 50% das ganancias e beneficios que se obteñan mentres o matrimonio estea vixente. Disto hai que excluír as herdanzas ou doazóns que poidan recibir cada cónxuxe, xa que serán bens privativos de cada un deles.

A separación de bens, polo contrario, significa que cada cónxuxe mantén de forma independente o seu patrimonio, isto non quere dicir que non poidan comprar bens en común, pero o que significará será que cada un será propietario na parte proporcional aportada. Todo ten pros e contras, e isto non vai ser menos.

Na sociedade de gananciais, ao ser todo patrimonio común, se unha das partes contrae unha débeda, os acredores poderán ir en contra dos bens en común do matrimonio, a pesar de que un dos dous non teña nada que ver coa débeda, pero terá que responder con ese patrimonio de igual xeito. En cambio na separación de bens, en caso de débeda os acredores só poderán ir en contra do debedor, en ningún caso poderán reclamar o outro cónxuxe.

Se finalmente se decide curarse en saúde e optar polo réxime de separación de bens será necesario outorgar capitulacións matrimoniais, que serán recollidas en escritura pública ante notario. Escritura que debe ser presentada no Rexistro Civil no momento de facer a inscrición do matrimonio, para que quede constancia oficial da súa existencia. Pero debemos ter claro que este réxime non exonera aos cónxuxes da súas obrigas de contribuír ao sostemento das cargas familiares. Con miras a un divorcio, facilita o proceso de forma significativa, sen quedar exento de controversias, como a de que o traballo para a casa será computado como contribución ás cargas e outorgará dereito a obter unha compensación, nos casos nos que un dos cónxuxes se dedica en exclusiva aos traballos do fogar.

O réxime económico do matrimonio pode escollerse en calquera momento; é dicir, podemos casarnos nun réxime e en calquera momento podemos cambialo, segundo se regula nos artigos do Código Civil (art.1.325 a 1.327).

O número de parellas que formalizan capitulacións previas á voda para fixar como réxime económico a separación de bens vai en aumento, por exemplo de 2011 a 2017 aumentou un 47%. Quizais se debe a certos factores sociais, como a incorporación da muller á vida laboral, a vida profesional, ou a que cada vez se dan máis divorcios no noso país, xa que a media de duración do matrimonio é de 16,5 anos.

En Galicia, ao igual que na maior parte de España, no caso de non outorgar capitulacións matrimoniais aplícase o dereito común, é dicir, a sociedade de gananciais. Salvo en Navarra, Vizcaia e Aragón onde teñen sistemas propios, similares ao de gananciais. Polo contrario, en Cataluña e Illas Baleares aplícase a separación de bens, ao igual que na Comunidade Valenciana, pero neste caso sempre e cando os cónxuxes sexan valencianos.

En Galicia é un tema que se está plantexando (e non hai nada que llo impida ao lexislador autonómico mais que a vontade da necesaria maioría parlamentaria), o feito de levar a cabo unha modificación legal establecendo na nosa Comunidade Autónoma o réxime de separación de bens.

Pero de momento, sen que se manifeste o contrario; “o meu é teu, e o teu é meu”, aínda que pode ser interesante tirar de refraneiro popular: “mellor curarse en saúde”, “máis vale previr que lamentar”...

Tchin Tchin

— ESPECIAL VERANO —



TU 2º Y 3º^{er} PAR DE GAFAS POR 1€ MÁS*

Descubre la colección en afflelou.es

*Oferta válida del 03/06/2019 al 31/08/2019. Ver condiciones en óptica. N° R.S.: E-15-001258

C/RONDA DA CORUÑA, 16
981 50 60 97 - MELIDE

ALAINAFFLELOU

ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259



Descubre outra forma de facer as cousas



Ferretería & Fontanería

- 15.000 referencias en stock. As **mellores** marcas confían en nós.
- O noso equipo **asesorate** no que precisas, e estaremos aí para calquera dúbida que che poida xurdir.
- Somos especialistas en Fontanería e Calefacción. E **non te preocupes** pola instalación. Déixao da nosa man.
- Traballamos día a día para poñercho **máis fácil**: parking, transporte a domicilio, financiamento a medida...



Alquiler & Servizo Técnico

- Se o usas pouco, para que compralo? Temos máis de 100 máquinas **a túa disposición** para que as alugues dende mediodía.
- No noso Servizo Técnico só pensamos no **mellor para as túas máquinas**. Confía en nós, dispoñemos do mellor mecánico.
- Como Servizo Técnico Oficial de **STIHL**, **ALPINK**, **Kalor**, etc... traballamos cóbado con cóbado con eles para **formarnos** continuamente nos avances do mercado.



Fogar & Hostalería

- Dende a nosa tenda de Rúa Convento 28 ofrecémosche a mellor relación **calidade/prezo** en todo para a túa cociña, o teu baño, o teu fogar, ...
- Se es hostaleiro iqueremos ser o teu provedor! Infórmate coas nosas compañeiras dos teus **beneficios** como profesional.
- 75 anos avalannos. **Confía** en nós.



Obras & Instalacións

- Se tes en mente empezar unha reforma, un proxecto, un cambio, déixanos mostrarche **outra forma de facer as cousas**.
- Os nosos Equipos Técnico e De Obra só teñen unha misión: que acometer a túa reforma ou construír a túa casa che resulte o máis **relaxado** posible.
- E se só lle queres dar un cambio **axudámosche** a velo, os nosos deseñadores de interior están **ao teu servizo**.

Que opinen os clientes... **“A confianza dun equipo amable e cercano”**

Por que recomendarías a Grupo Noguero?

“Polo seu asesoramento e profesionalidade. Ademais da confianza dun equipo amable e cercano”

Lavandería LA COLADA (Cliente Obras e Instalacións)

“Recomendo ao Grupo Noguero polo atentos que son comigo, en especial a Adrián e Luis”

Carmen Otero - Carpinteira (Cliente ferretería)

“Porque son serios e esfórzanse en ofrecernos a mellor atención” **Fontanería Jose Luis Mosquera (Cliente fontanería)**

“Pola súa ampla variedade de produtos e unha atención excelente. Se se dá o caso de que non dispoñan de algún artigo, non teñen problema en pedilo” **J.M.M.S.**

“Todo o que necesites. Ferramentas, xardinería,... Bo trato.” **H.A.**

“Atención, amabilidade e profesionalidade” **C.M.**

“Sempre un trato cordial, amable e sobre todo, profesional” **J.M.L.**

“Amables, resolutivos e con bos prezos. Ademais, teñen de todo” **V.**

“A mellor de todas, variedade, calidade e bos prezos” **M.V.**



ENQUIA ANÓNIMA A CLIENTES. Enquisa enviada a máis de 400 clientes en outubro 2018.

“Estamos encantados cos seus produtos e servizos”

“Que sigan nesa liña, xa que creo que é a máis acertada. Organización, limpeza e moi boa atención ao cliente”

“Non cambiedes” “Seguide por ese camiño. A por todas!” ...

Que opine o equipo..... **“O cliente xa non só busca prezo”**

Por que nace Grupo Noguero?

“Grupo Noguero nace cando 2 equipos que comparten valores e dirección optaron por unirse para xuntos, ser mellores e máis competitivos. Hoxe, cada un dos 21 compañeiros que o integramos estamos comprometidos co mesmo obxectivo: ser os mellores no que facemos e estar satisfeitos do servizo prestado os nosos clientes.” **Fer Garea (Xerente)**

Qué equipo humano hay detrás de Grupo Noguero? Como o definirías?

“Definiríao como: bo humor, boa organización, se necesitamos botarnos unha man entre todos, facémolo”

Juan Nimo (Mecánico)

“O mellor sitio no que traballei, bo ambiente, compañeirismo,... Sempre que xorden dúbidas, todos nos axudamos sen ver malas caras” **Martín Mosteiro (Vendas ferretería)**

Por que cres que os clientes confían en vós?

“Xeramos confianza neles grazas ao trato especializado e próximo. Dispoñemos dun gran número de servizos e o mellor servizo postventa do mercado. E por min, claro... 😊” **Luis Filgueira (Vendas ferretería)**

“Daste conta de que o cliente non só busca prezo, busca servizos e un bo trato. Como lle digo ao meu equipo de vez en cando: “Xa non basta con satisfacer aos clientes, agora hai que deixalos encantados”. Intentamos aprender e mellorar niso día a día. Avanzar cos tempos e cos clientes” **Adrián Castro “Lage” (Responsable de vendas)**


Qué podemos esperar de Grupo Noguero?

“O primeiro que se me vén á cabeza é: Nada previsible! Vivimos en constantes cambios, cada día xorden novas ideas, novos proxectos... Cuns tirámonos á piscina, e outros madurámolos tempo, pero nunca estamos parados. Creo que seguiremos medrando como empresa, como equipo, e por que non, en novos destinos.”

Rocío Mosteiro (Administración & Marketing)



12:00h **A pé de Rúa**
Percorrido musical pola vila de Melide



1. Parque Rosalía de Castro
2. Cruceiro de San Roque
3. Cantón de San Roque
4. A Moa
5. Praza das Ichoas
6. Praza do Pozo Pequeno
7. Alhóndiga
8. Praza do Convento

14:30h **Xantar**
para alumnos, soci@s e familias

18:00h **Espectáculo Infantil**
PAKOLAS
no Cantón de San Roque

19:00h **Concertos.** no Cantón de San Roque

PABLO ESQUEIRA & TONECHO CASTELOS
COMANDO CURUXÁS

Se chove, as actuacións trasladaranse á Casa da Cultura

Organiza:

herbagrileira

Colabora:



26M: A esquerda, clara gañadora das eleccións en toda a comarca

O Partido Popular perde a maioría absoluta en Melide en favor dunha coalición de independentes e socialistas

Agardábase algunha que outra sorpresa, mais os resultados obtidos nas pasadas eleccións municipais do 26 de maio non deixaron indiferente a ningún. O vindeiro sábado 15 de xuño celebráronse os plenos de constitución dos consistorios e de elección de alcalde que, salvo sorpresas de última hora, están máis que claros en cada municipio.

Melide

Foi a sorpresa da noite electoral; o Partido Popular de Dalia García perdía a maioría absoluta (pasando de oito a seis escaños) mentres que a candidatura independente de Adiante Melide, encabezada por José Manuel Pérez, irrompía con forza conseguindo nada máis e nada menos que cinco escaños. Pola súa parte, o PSdeG-PSOE de Melide mantíñase na mesma liña (dous escaños), mentres que o BNG quedaba sen representación pese a ser a segunda forza máis votada hai catro anos.

Con estes resultados o goberno de Melide xirará á esquerda tralo pacto previsible entre independentes e socialistas que facilitará a alcaldía a José Manuel Pérez Penas. Así o manifestou José Antonio Prado, voceiro do PSdeG-PSOE de Melide, quen a través dun comunicado felicitou a Adiante Melide, agradeceu o traballo e a confianza dos seus votantes e garantiu “o relevo no Goberno de Melide” pese a abrir “un proceso de reflexión interno para valorar a situación”.

Santiso

Segundo o previsto; así poderían cualificarse os resultados saídos das urnas no municipio de Santiso. O BNG gañou as eleccións con maioría absoluta tras conseguir seis escaños (dous máis que en 2015), en detrimento do Partido Popular que só acadou dous (un menos que en 2015), e do PSdeG-PSOE de Santiso que só acadou un (tamén un menos que hai catro anos). Sen necesi-

dade de pactos, o nacionalista Manuel Adán continuará catro anos máis como alcalde de Santiso.

Sobrado

Contundentes foron as urnas no concello de Sobrado onde o PSdeG-PSOE do actual alcalde, Lisardo Santos, obtivo unha maioría absoluta de sete escaños (dous máis dos cinco necesarios), fronte aos catro acadados en 2015. Pola súa parte, o Partido Popular, con María Jesús García Souto ao fronte (que en 2015 encabezou a candidatura independente Todos Por Sobrado), obtivo dous escaños. Ao igual que en Melide, tampouco en Sobrado estará representado o BNG ao non acadar ningún escano.

Toques

A un escano de obter a maioría absoluta quedou o Bloque Nacionalista Galego, encabezado por José Ángel Penas, en Toques que podería reeditar a coalición destes últimos catro

| Ano/ Concello | 2019 | 2015 |
|---------------------------------------|---|--|
| MELIDE <i>Mayoría absoluta: 7</i> | PP - 6 (45,12% - 2.138 votos) Adiante Melide - 5 (32,82% - 1.555 votos) PSdeG-PSOE - 2 (15,45% - 732 votos) | PP - 8 (58,97% - 2.713 votos) BNG - 3 (23,13% - 1.064 votos) PSdeG-PSOE - 2 (16,19% - 745 votos) |
| SANTISO <i>Mayoría absoluta: 5</i> | BNG - 6 (64,12% - 779 votos) PP - 2 (21,81% - 265 votos) PSdeG-PSOE - 1 (13,50% - 164 votos) | BNG - 4 (40,25% - 516 votos) PP - 3 (36,43% - 467 votos) PSdeG-PSOE - 2 (22,93% - 294 votos) |
| SOBRADO <i>Mayoría absoluta: 5</i> | PSdeG-PSOE - 7 (72,58% - 1.072 votos) PP - 2 (23,76% - 351 votos) | PSdeG-PSOE - 4 (43,40% - 674 votos) PP - 3 (36,25% - 563 votos) TXS - 2 (18,22% - 283 votos) |
| TOQUES <i>Mayoría absoluta: 5</i> | BNG - 4 (44,60% - 409 votos) PP - 3 (33,04% - 303 votos) PSdeG-PSOE - 2 (22,03% - 202 votos) | PP - 4 (39,26% - 362 votos) PSdeG-PSOE - 3 (38,29% - 353 votos) BNG - 2 (22,13% - 204 votos) |

anos xunto ao PSdeG-PSOE de Toques. Nestes senso, os socialistas perderon un escano respecto aos comicios municipais de 2015, pasando de tres a dous escaños; ao igual que o Partido Popular que pasou de gañar as eleccións en 2015 con

catro escaños a obter tres en 2019.

No seguinte número de Cerne, unha vez celebrados os plenos de investidura, daremos conta da constitución de cada Concello polo miúdo e das respectivas corporacións.

A Asociación Cultural Charamela, premio “Terra de Melide” á defensa do idioma

O Servizo de Normalización Lingüística de Melide outorgou á Asociación Cultural Charamela o premio “Terra de Melide” á defensa do idioma galego na súa oitava edición. Un total de vinte propostas optaban a este galardón que finalmente recaeu en Charamela “polo seu intenso traballo teatral e asociativo, sempre desenvolvido en lingua galega”.

Mary Gómez Neira, presidenta do colectivo recoñeceu sentirse honrada e agradecida polo galardón. “En parte foi unha sorpresa porque contar nunca se conta cun recoñecemento así, parécenos unha honra moi grande recibir este premio, e para máis á defensa do noso idioma; para nós é un orgullo; é recoñecer o noso labor dentro do panorama cultural de Melide, e sobre todo recoñecer que actuamos e facemos todo no idioma galego”,



dixo. Neira tamén destacou que o premio axuda a coller novos folgos para seguir traballando; “este premio alenta as nosas ganas de seguir traballando e por suposto sempre en galego que é a nosa lingua”, engadiu.

A Asociación Cultural Charamela recibirá o premio “Terra de Melide” á defensa do idioma o venres 14 de xuño no transcurso dun acto público.

Máis dunha década de traballo

Charamela comeza a súa andaina en abril do ano 2004 e en 2006 convértese en asociación. Dende o ano 2010 pon

en marcha o Encontro Interxeracional “O abrazo das idades”, e dende o ano 2012 organiza anualmente o Ciclo de Teatro Aficionado na vila. Ademais, en 2016 recibiu a Medalla de Ouro por parte do Concello de Melide.

Pola súa parte, o Servizo de Normalización Lingüística e Cultural da Terra de Melide recoñeceu con este premio á defensa do idioma en edicións anteriores a entidades como o Museo da Terra de Melide, a Asociación Cultural O Castelo, así como a persoeiros como o profesor Paco Veiga ou a Míngos de Pita.

Recoñecementos para o IES

O IES Melide non deixa de recibir boas noticias, e é que recentemente foille concedido o proxecto Erasmus + “El Camino de Europa: XACOBEO 2021, la multiculturalidad como oportunidad de desarrollo”.

Este proxecto, que se desenvolverá ao longo do vindeiro curso académico e que está dotado cun orzamento de máis de 28.700 euros, foi presentado dentro da modalidade Acción Clave 1, o que supón a mobilidade do profesorado por motivos de aprendizaxe e do que se espera sexa un primeiro paso para posteriores programas extensivos ao alumnado do IES de Melide.

Máis recoñecementos

Ao proxecto Erasmus + hai que sumar os máis de 21.200 euros que o IES recibiu como premio para o desenvolvemento de proxectos de inno-

vación tecnolóxica no ámbito da formación profesional. Así, o departamento do ciclo de Carpintería e Moble do IES de Melide será o coordinador dun proxecto que leva por título: “Mesa adaptada para alumnado cunha mobilidade comprometida”. Este proxecto desenvolverase en colaboración co IFP Politécnico de Lugo e CEE de Santa María.

Clases sen Fume

E por se todo isto fose pouco, o alumnado de 1º ESO C do IES de Melide foi recompensado co 1º premio do concurso para a prevención do tabaquismo Clases sen Fume, pola súa actividade creativa titulada “Que non che vendan a caixa”. Os rapaces e rapazas do IES alzáronse co premio nun concurso no que participaron nesta edición un total de 2.028 escolares de 92 aulas procedentes de centros de toda Galicia.

Dous investigados por un presunto delito contra os animais domésticos

Nunha finca de Xubial os axentes do Seprona acharon numerosos animais en estado de desnutrición convivindo cos cadáveres de outros

O Servizo de Protección da Natureza (Seprona), da Garda Civil en Milladoiro investigou o pasado mes de maio a dúas persoas por un presunto delito contra os animais domésticos en Melide, tras ser detectada a existencia de varios cadáveres de cabalos nunha parcela da parroquia de Xubial.

O servizo da Garda Civil procedeu entón á inspección do lugar onde se encontraban os restos dos animais, para o que tamén acudiron inspectores da Oficina Agraria Comarcal de Melide. Unha vez no interior localizaron tres cadáveres de cabalos cubertos con plásticos e outro dun can, todos en avanzado estado de descomposición. Tamén acharon outros tres cadáveres equinos e un máis pertencente a outro can, cubertos parcialmente por unha lona e que ao parecer faleceran recentemente.

Na mesma parcela onde se atoparon os restos dos animais tamén se encontraron



máis de 30 equinos, algúns deles nun estado importante de desnutrición.

Trala investigación policial dedúcese que o falecemento dos animais derivou da falta de atención por parte dos investigados ao non facilitar os cuidados mínimos imprescindibles, tales como auga, comida ou asistencia veterinaria, pese a dispoñer deles segundo apuntaron fontes da Garda Civil. Tamén se destacou o pro-

blema sanitario polo abandono dos cadáveres na parcela.

Ante esta situación foron varios os colectivos animalistas os que pediron a través dun comunicado a “inhabilitación de por vida” aos responsables da granxa para que non volvesen a tratar con animais. Segundo apuntaron algúns veciños, dita situación de abandono “non era a primeira vez que se producía”.

FOTODENUNCIA



“Os luns ao sol”, e os martes, e os mércores...

Sentarse á raiola é un dos maiores praceres que existen, por iso son benvidos todos aqueles bancos que nos imos atopando nun paseo, nunha camiñata, nun parque, etc. O mesmo debe sentir a vexetación da estrada N-547 á súa entrada en Melide (Rúa Codeseira), que pouco a pouco se vai apropiando de cada asento que atopa no seu camiño ata case engulilo. Ben pensado, a combinación tampouco é mala, pois en nada será como sentarse no propio campo, pero con forma de sentadoiro.

Melide acollerá o I Campus Compos do 1 ao 5 de xullo

A Sociedade Deportiva Compostela, en colaboración co Concello de Melide, porá en marcha na vila no vindeiro mes de xullo o I Campus Compos no que poderán participar ata 80 nenos e nenas.

Con esta iniciativa, que se desenvolverá do 1 ao 5 de xullo, preténdese dar a coñecer, progresar e perfeccionar aspectos técnicos e tácticos do fútbol, tanto individuais como colectivos, e fomentar as posibilidades educativas do fútbol con actividades complementarias, así como promover valores tales como a amizade, a autoestima, a tolerancia, a solidariedade, a igualdade, o respecto e o xogo limpo.

O I Campus Compos conta tamén coa colaboración de Jim Sports, a través da súa marca Softee, que agasallará cun equipamento completo a cada neno ou nena participante e patrocinadores locais como Ribeirao, García y Sán-



chez ou Leonardo Miguélez.

Inscripción ata o 18 de xuño

O Campus deportivo celebrase do 1 ao 5 de xullo no campo municipal de Melide en horario a 9 a 14 horas para nenos e nenas con idades comprendidas entre os 5 e 19 anos. A inscrición está aberta ata o 18 de xuño, e os prezos van dende os 70 ata os 120 euros. Máis información no teléfono 650 90 09 85 (Diego Segade) ou no correo electrónico: sdcompostela@sdcompostela.com

Policía Local

Este verán Melide incrementará a súa plantilla de Policía Local en cinco persoas. Serán dous auxiliares que estarán contratados por catro meses e tres profesionais como funcionarios do propio Concello.

Obras na piscina

Xa están en marcha as obras de ampliación do edificio que alberga o ximnasio e a piscina municipal. A mellora na que se traballa nestes momentos é unha aula anexa biosaudable que terá 109 m2 de superficie. O proxecto, que conta cun orzamento de case 60.000 euros e permitirá ampliar a oferta deportiva e de ocio, podería estar listo para o vindeiro curso.

Trece empresas para o centro de saúde

Un total de trece empresas presentaron ofertas para a construción do novo centro de saúde de Melide licitado pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Infraestruturas, cun orzamento previsto de 3.049.203 euros.

Melloran o acceso da AC-840 na parroquia de Maceda



O Concello de Melide deu por finalizadas a comezos de xuño as obras de aglomerado en quente do acceso da AC-840 ao lugar de Castiñeiroa, na parroquia de Maceda; unha acción que se complementou co arranxo da pavimentación e coa limpeza de cunetas como vén sendo habitual neste tipo de traballos.

Dita actuación foi froito dun convenio asinado coa Consellería de Medio Rural que supuxo un investimento de preto de 50.000 euros.

A popular Dalia García dixo cumprir así “coas promesas de lexislatura e coas actuacións de aglomerado en quente da pista principal de acceso” a este lugar.

Prisión sen fianza para dous dos tres detidos pola morte dun home en Toques

A Policía Xudicial da Comandancia da Garda Civil da Coruña detivo a tres persoas presuntamente relacionadas coa morte de Julio Lea Casal; o veciño de Sobrado dos Monxes que apareceu carbonizado nun monte do concello de Toques o pasado 27 de marzo. Así o comunicaban fontes da Garda Civil no marco da denominada Operación Sobralea.

Máis tarde, a través dos distintos medios de comunicación coñecíanse as identidades dos detidos, tres veciños de Sobrado dos Monxes e pertencentes ao entorno da vítima, concretamente dous irmáns duns 60 anos de idade, e un primo destes.

Unha vez detidos, os arrestados permaneceron retidos no cuartel de Lonzas, na Coruña, ata que pasaron a disposición xudicial en Arzúa. Tras prestar declaración no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Arzúa, encargado do caso, os irmáns presuntamente implicados na morte de Julio Lea Casal foron enviados



ao cárcere de Teixeira baixo prisión provisional comunicada e sen fianza, mentres que o terceiro detido foi posto en liberdade con cargos coa obriga de comparecer en dependencias xudiciais cada 15 días.

Os dous irmáns están sendo investigados por un presunto delito de homicidio ou asasinato, así como por outro de incendio forestal, mentres que o terceiro detido está sendo investigado por un presunto delito de encubrimiento. O xulgado de Arzúa mantén a causa baixo segredo.

Os feitos remóntanse ao pasado 27 de marzo cando, na

parroquia de A Capela, no municipio de Toques, aparecía o corpo dunha persoa e un vehículo totalmente carbonizados despois de que se declarase un incendio no lugar. Preto das dez da noite recibíase o aviso dun lume forestal na zona e, unha vez desprazados os medios, un vixilante forestal achaba o corpo do falecido, fóra do vehículo, nun camiño a escasos metros da pista principal. O vehículo estaba rexistrado a nome dun veciño da parroquia de Nogueira, no concello de Sobrado, que máis tarde se confirmaría como a vítima, Julio Lea Casal.

Un morto e un ferido en dous accidentes de tractor

Un home perdeu a vida a causa dun accidente de tractor na parroquia de San Martiño de Oleiros, en Toques, o pasado 2 de xuño. Ao fío das 14:00 horas da tarde un particular avisaba ao 112 Galicia tras localizar nunha finca a unha persoa debaixo dun tractor envorcado. Co fin de mandar a axuda na maior brevidade posible, os xestores do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias de Galicia solicitaron ao alertante o envío das súas coordenadas a través da aplicación de mensaxería instantánea, Whatsapp.

Nada máis ter constancia da localización, os servizos de emerxencia, alertados polo 112 Galicia, puideron acceder ao lugar do accidente seguindo ás indicacións facilitadas. Desta forma puideron intervir os efectivos do 061-Urxencias Sanitarias e os Bombeiros de Arzúa.

Desafortunadamente, tras chegar ao punto onde se produciu o sinistro, os servizos sanitarios só puideron confirmar o falecemento do home.

Os membros do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento tiveron que levantar o vehículo para liberar á vítima. Co obxectivo de determinar as circunstancias do suceso, tamén acudiron ao punto os axentes da Garda Civil.

Non foi o único incidente no que se viu implicado un tractor nas últimas semanas na comarca. En Sobrado un mozo resultou ferido de gravidade despois de ser atropelado por un tractor nunha finca particular, no lugar de Vallo.

Ata o lugar acudiron os Bombeiros de Arzúa, que segundo indicaron, tiveron que facer uso do material de excarceración para liberar ao ferido ao quedar atrapado baixo a máquina agrícola. Así mesmo, debido á gravidade das lesións ocasionadas, os profesionais sanitarios comunicaron ao 112 Galicia que un helicóptero medicalizado tamén se desprazaba ao punto. Nada mais ser liberado, a aeronave trasladou ao ferido ao hospital.

Instan a que se cumpra o acordo para a recuperación dun camiño público en Toques

Case dous anos despois de ser acordado por unanimidade no pleno do Concello de Toques, a Asociación de Troiteiros Río Furelos continúa agardando a que se cumpra coa recuperación dun camiño para uso público. “Dende finais de 2015 a Asociación de Troiteiros Río Furelos vén tratando de recuperar un ben público que lle fora indebidamente usurpado á comunidade. Trátase do “Camiño da Pena ó río”, (nome co que figura no Catastro) situado no concello de Toques, que vai dende unha pista ata o río Furelos formando ao pé deste unha masa común triangular que tamén é de uso público”, informou o colectivo.

Tras acudir ao Valedor do Pobo e que este lle dese a razón á asociación de troiteiros, en agosto de 2017 o Concello de Toques acordaba por unanimidade reabrir o camiño. O acordo contemplaba que os propietarios lindeiros terían un mes para darlle cumprimento a este acordo e a opción



de cerrar as súas propiedades contra o camiño ou non. “De non ser así, o Concello encargárase da delimitación do mesmo coa apertura das gabias a ámbalas beiras”, explicaron os pescadores.

Non obstante, a día de hoxe o acordo continúa sen executarse. “Un dos propietarios

lindeiros pechou a súa parcela por onde lle correspondía de xeito que, o camiño por esa beira fica debidamente limitado, por contra, o outro lindeiro chantou camiño adiante unhas estacas que en ningún caso respectan as medidas do acordo do plenario municipal”, indicaron.

Sen ofertas para xestionar o bar da piscina en Toques



O Concello de Toques fai un chamamento a todas aquelas persoas que poidan estar interesadas en xestionar o bar da piscina municipal. Tras rematar o prazo de solicitude o pasado 3 de xuño ninguén presentou oferta, polo que o alugueiro do local continúa dispoñible. A duración do contrato e as demais condicións poden consultarse na páxina web do Concello de Toques.

Apertura da piscina

Pola súa parte, está previsto que a piscina municipal abra

as súas portas a partir do vindeiro 15 de xuño en horario de 12.00 a 21.00 horas. Ademais esta temporada o Concello dispuxo unha nova ordenanza con novos abonos para poder entrar á piscina a prezos reducidos e en días non consecutivos. “Ata o de agora collían un abono por unha semana e se por exemplo o collían o luns era válido de luns a domingo, pero a partir de agora poden coller abonos de sete días, 14, 21 ou 30 días e poden utilizalo durante todo o verán en días salteados”, explicaron.

Esixen a Augas de Galicia a limpeza do río Ulla ao seu paso por Santiso

Veciños das aldeas polas que discorre o río Ulla en Santiso manifestaron o seu malestar con Augas de Galicia polo estado do río, cheo de maleza e restos de madeiras que ao longo do inverno a forza da auga foi acumulando nas súas marxes. Ademais din que se trata dunha situación que se repite ano tras ano dende hai tempo.

“Isto provoca desbordamentos en zonas onde os veciños teñen hortas e fincas, onde pasan tempo e corren o risco de ser arrastrados pola corrente. A maiores, unha das rutas homologadas deste concello pasa días anegada pola auga, facendo que os que a percorren pasen con dificultade e arriscándose a caer no cauce do río”, apuntaron dende o Concello. “Zonas polas que antes moitos deportistas facían o descenso en kayak e piragua, perden de desfrutar deste deporte e das zonas de lecer que hai ao longo do río”, engadiron.

Por este motivo, os veciños



esixen que “tal e como poñen normas para que gandeiros, agricultores, pescadores e deportistas en xeral as cumpran”, tamén o fagan dende Augas de Galicia mantendo “limpo e coidado o río, que é de todos, e en condicións axeitadas que eviten posibles desgrazas”.

Sen resposta á presa de Barazón

O malestar da veciñanza de

Santiso coa institución dependente da Xunta de Galicia xa se remonta meses atrás, e é que no mes de abril, e xa por segunda vez, os veciños de Barazon poñíanse en contacto con Augas de Galicia para tratar de saber quen e por que motivos se derruíu unha presa próxima a esta parroquia que empregaban como zona de lecer. A día de hoxe aínda non obtiveron resposta.

O GDR Ulla Tambre Mandeo promove en Turexpo os recursos turísticos da comarca

Un ano máis, este é o terceiro, o Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo acudiu con stand propio á feira de Turexpo celebrada de forma simultánea coa Semana Verde de Galicia no recinto feiral de Silleda.

A asociación aproveitou esta cita para promover os recursos turísticos dos que goza o seu territorio, composto polas comarcas de Arzúa e Melide e o concello de Vilasantar, os cales inclúen un importante patrimonio natural e cultural, unha rica gastronomía e produción agroalimentaria, así como toda unha serie de eventos e festas de sona nacional e internacional.

O GDR buscou estruturar a oferta turística do territorio en catro eixes principais: o Camiño de Santiago, a través dos trazados Francés, Primitivo e o do Norte; os ríos, que dan nome ao GDR e dotan ao territorio dunha importante riqueza natural; o patrimonio cultural, histórico e arquitectónico dos nove concellos; e as



Xunto á actuación da Banda de Visantoña, o puzzle xigante do GDR foi outra das grandes atraccións (Fotos: GDR)

festas e feiras de carácter tradicional como o Entroido dos Xenerais do Ulla, en Touro, de exaltación gastronómica como a Festa do Melindre de Melide, ou citas musicais como o Festival da Luz de Boimorto.

Ao mesmo tempo e para dinamizar a súa participación en Turexpo o GDR desenvolveu actividades complementarias

tales como a actuación da Banda de Música de Visantoña, que animou o recinto feiral coa súa música en directo; e a degustación de elaboracións a partir de produtos agroalimentarios locais do Ulla Tambre Mandeo, a cargo do alumnado do Ciclo de Panadería, Pastelería e Confitería do centro EFA Piñeiral de Arzúa.

Investigan a un veciño de Sobrado como presunto autor dun delito de lesións

A Garda Civil do Posto de Boimorto investigou a un individuo de Sobrado como presunto autor dun delito de lesións. Os feitos ocorreron o pasado 1 de xuño na localidade de Sobrado dos Monxes. Ao parecer, segundo apuntou o instituto armado, o investigado indicoulle á vítima que saíse do establecemento no que se encontraba para falar ambos. Unha vez no exterior agrediu á vítima sen mediar palabra, ocasionándolle a fractura da tibia e o peroné da perna esquerda, tendo que ser trasladado ao Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, no que aínda permanece ingresado. Tras realizar as actuacións pertinentes por parte dos gardas civís para determinar a autoría dos feitos, investigouse a este veciño de Sobrado. O investigado e as actuacións realizadas foron postas a disposición do Xulgado de Garda de Betanzos.

Investigan a un veciño de Lugo como presunto autor dun delito de roubo con forza en Toques

A Garda Civil do Posto de Melide investigou a un individuo veciño de Lugo como presunto autor de dous delitos de roubo con forza cometidos en Toques. Segundo apuntaron dende a Garda Civil, os feitos aconteceron os días 17 e 19 de maio no lugar de Mangueiro, en Toques, onde o investigado roubou as llantas dun vehículo o primeiro día e accedeu a unha vivenda da que subtraeu varios obxectos o segundo. Efectivos do Posto de Melide investigaron os feitos, dando como resultado a identificación e investigación do presunto autor. As actuacións realizadas foron postas a disposición do Xulgado de Instrución Número 1 de Arzúa.

Xuíz de Paz substituto para Sobrado

O Concello de Sobrado ten vacante o cargo de xuíz de paz substituto, motivo polo cal vén de abrir un prazo de 10 días hábiles, ata o 18 de xuño, para que todas aquelas persoas que estean interesadas e reúnan as condicións legais soliciten a praza. Os interesados deberán achegar solicitude mediante escrito dirixido a Alcaldía, na sede electrónica municipal, nas dependencias municipais ou a través de calquera outro medio recollido no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ludoteca en Sobrado

O Concello de Sobrado pon en marcha a Ludoteca de verán do 1 de xullo ao 31 de agosto, en horario de 10.00 a 13.30 horas no edificio de usos múltiples “Casa da Irmandade”. As mañás didácticas e de lecer están orientadas a nenos e nenas de 3 a 12 anos. As prazas son limitadas, tendo preferencia os nenos e nenas que estean inscritos no padrón do Concello de Sobrado. Máis información no teléfono 981 787 508.

Festival fin de curso

A Asociación Cultural Banda Escola de Música de Visantoña organiza o venres 21 de xuño o festival fin de curso da Escola de Música Eugenio Pazos Reyes en Visantoña. Será a partir das 20.45 horas no novo complexo cultural e contarán coa actuación dos nenos e nenas da escola, tanto de forma individual como grupal.

centro auditivo



solicita tu **REVISION GRATUITA**



ÓPTICastábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE
AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE
ÓPTICA
E. 15-001238



Angarela

Estanco, Artesanía
Agasallos, Maletas
e Complementos



Rúa Progreso, 9 - Melide Telf.: 981 50 60 96



Rúa do Convento, 36, Melide - 981 50 63 66
Cantón San Roque, 46, Melide - 981 94 22 45




- Variedad en mercería y lencería
- Las mejores marcas del mercado

elomi Freya

FANTASIE

Rúa do Convento, 16 - Melide Tfno.: 679 221 381



MODA HOME - MULLER

Tfno.: 981 50 63 70 - 610 75 78 84
Rúa do convento, 15
15800 MELIDE

AGIREMA
ALIANZA
AMERICA SL
AMERICA DE VIGO
ANDURÍA
ARAMIO
BOMBA
BRUJAS
CAPITOL
CHANNEL
CLAYXON
COMPOSTELA
D MODA
EL COMBO DOMINICANO
EMPERADORES
ESTRELLAMAR
FIN DE SIGLO
FINISTERRE
FOLIADA
FUNÇÃO PUBLICA
GALILEA
GARIBALDI
GRAN PARADA
GRUPO PUZZLE
GRUPO UNION Y FUERZA
HIROSHIMA
HURACAN
IBIZA
IRIS
ISRAEL
JOHNNY MAQUINARIA
LA FAVORITA
LA OCA BAND
LA OLA ADN
LIMON



Escala 5.9
Espectáculos
MELIDE

QUE NO PARE LA FIESTA

MIGUEL 609 923 888

escalaEMespectaculos@hotmail.com

www.gaiaseventos.com

LOS SATELITES
LOS TROVADORES
M-3
M-5
MAGOS
MARBELLA
MIRAMAR
NAZARET
NEVADA BAND
NEW YORK
NOCHE DE ESTRELLAS
NUEVA IMPERIAL
NUEVA FUERZA
OLYMPUS
PALLADIUM
PANORAMA
PARAISO
PARIS DE NOIA
PASSARELA
PONTEVEDRA
PRINCIPAL
RITMO JOVEN
RITMO NOCHE
SAMBA
SUPERFAMA
TEKILA
TREBOL
TRIUNFO
VENECIA
XACOBEO
BANDAS DE MUSICA
DUOS
TRIOS
CHARANGAS
DISCOTECAS MOVILES










Herba Grileira: unha década en movemento

A asociación cultural e musical Herba Grileira de Melide celebra este mes de xuño o seu décimo aniversario cunha xornada dedicada á escola e ao mesmo tempo aberta a todo o

pobo. Cumpren dous lustros de vida no seu mellor momento, con máis de 120 alumnos de todas as idades, varias disciplinas e diferentes actividades.



Dise pronto, e seguramente pasaron pronto tamén, mais non todos os días se celebran dez anos de traxectoria estando nun dos mellores momentos; é o caso de Herba Grileira, que cumpre o seu décimo aniversario sen deixar de medrar.

Así o poñen de manifesto os máis de 130 socios que conforman esta asociación, e os máis de 120 alumnos con idades que van dende os 5 ata pasados os 70 anos, que participan nas distintas disciplinas que imparte o colectivo melidense: baile tradicional, gaita, acordeón, percusión, canto e pandeireta.

Unha familia

Pero todo isto non se consegue da noite á mañá, senón a base de esforzo, traballo, constancia e, o máis importante, “grazas a un sentimento de familia”. “A xente que participa en Herba Grileira sínteo como unha gran familia, de feito hai moitas ao completo; pais, nenos... participando de moitas das actividades; e eu creo que ese sentimento de familia, de grupo, no que estás a gusto, que podes ir co teu fillo, con quen sexa, creo que é unha das claves para que a Herba Grileira lle estea indo tan ben neste momento; que a xente que está séntese cómoda, e que máis alá do que lles poida gustar aprender a bailar ou a tocar, gústalles tamén o bo ambiente que hai fóra das clases e arredor de todo o que supón Herba Grileira”, así o explican Miguel Varela, Miki, mestre e director artístico da escola, e Iván Gómez, presidente da asociación.

Son dez anos de vida para unha formación que naceu primeiro como escola e se constituíu máis tarde como asociación para darlle soporte a unha corrente que ía en aumento. “Había xente que viñamos doutros grupos, doutras asociacións, e saíu dun xeito un pouco improvisado e natural. Pedíannos se podíamos seguir dando clase doutra maneira, noutro sitio, e a verdade é que vimos que cada vez ía a máis; foi entón cando lle intentamos dar forma a ese movemento que estaba arrancando. Logo, cando se empezou a incorporar cada vez máis xente vimos a necesidade de darlle soporte a través dunha asociación”, lembra Miki.

A base de Herba Grileira foi sólida, firme, e o percorrido aínda máis se cabe tendo en conta o balance de todo este tempo. “Nos últimos anos incorporouse moitísima xente, familias enteiros, alumnos de todas as idades, e vendo esa implicación posiblemente esteamos no mellor momento nese aspecto”.



I Gala Terra de Melide (arriba) e actuación durante o San Roque (abaixo)

Diferentes actividades

Ao logro de acadar ese gran número de persoas involucradas durante todos estes anos contribuíu en boa medida a organización de numerosas iniciativas, tales como os Cantares de Reis, a actividade máis antiga da asociación e que se converteu nunha tradición en Melide; o Festival Infantil, que vai xa pola cuarta edición e achega aos máis pequenos do colectivo a outros pobos e agrupacións; o percorrido musical polas rúas e prazas de Melide baixo o nome de “A pé de rúa”; o festival de fin de curso, o magosto ou a tan aplaudida Gala da Terra de Melide.

Con esta última foi tal o éxito acadado que dende Herba Grileira non descartan repetila en época estival. “Non sabemos se será para este verán ou para o seguinte, pero si é certo que moita xente nos pediu que a fixésemos cando a xente de Melide que está fóra volve nas vacacións, para que puidesen gozar coa historia musical do pobo baseada no libro”, apuntan.

O que si é seguro é que Herba Grileira continuará traballando polo fol-

lore galego. Seguirán medrando e motivando á xente para que se implique, e iso “é o bo de cumprir anos –din–, que a xente participa, fórmase, evolucionamos e a nivel artístico podemos permitirnollos facer máis e mellores actividades que ao principio. E quen sabe se incluso nun futuro poderemos chegar a ter un local propio para ensaiar”, engaden.

Sempre en movemento

Unha asociación que sempre está creando non podía recibir mellor nome que o de Herba Grileira; “unha herba de lenda que medra nas correntes dos ríos e á que se lle atribúen poderes máxicos, unha herba que sempre está en movemento, moi dinámica e ao mesmo tempo con ese cariz de maxia e de lenda –aclara Iván–, digamos que como asociación nos identificámonos un pouco con ela, e de aí vén o nome”. E tan certo é que sempre están en movemento que en poucos días celebrarán o décimo aniversario cunha xornada repleta de actividades e concertos para todo o pobo.

DÉCIMO ANIVERSARIO

A gran familia de Herba Grileira festexará o vindeiro 22 de xuño o seu décimo aniversario cunha xornada dedicada tanto á escola como aos dous lustros de existencia. “Coincidindo co final de curso este ano incluiremos o denominado ‘A pé de rúa’ ao longo da mañá”, comenta Iván; o que significa que haberá pasarrúas musicais e actuacións en diferentes prazas.

Percorrido

Dito percorrido musical comezará ás 12.00 do mediodía no parque Rosalía de Castro coa interpretación da peza *O Galod'ouro*. As seguintes paradas serán: Cruceiro de San Roque (*Maneo de Limiñoa e Jota de Bembibre*), Cantón de San Roque (*Muiñeira Punteada, Xota Punteada e Muiñeira de Cerqueda*), a Moa (*Campolameiro, Pasodobre de Sobrado e Buxos Verdes*), praza das Ichoas (*Muiñeira de Liñares, Pasodobre de Rubios e Rumba de Cambre*), praza do Pozo Pequeno (*Muiñeira de Mercurín e Muiñeira de Cambre*), Alhóndiga (*A Carrasqueira e Baixando para a Salgueira*), e praza do Convento (*Rianxo e Mandilín, Muiñeira e Xota de Melide*). En caso de choiva as actuacións trasladaranse á Casa da Cultura.

Tralo “A pé de rúa” terá lugar un xantar popular para os socios e toda a xente de Herba Grileira, e pola tarde unha serie de concertos para festexar o décimo aniversario, así como actividades para os máis pequenos. “Vai ser unha xornada enteira dedicada a celebrar o décimo aniversario e á parte aberta á xente do pobo, non queremos que se quede só nunha cousa interna de Herba Grileira, queremos que participe todo Melide, de aí o de facer o circuito polas diferentes rúas e logo tamén os concertos para quen queira ir”, especifica o presidente.

Neste senso, os grupos que actuarán nos concertos da tarde serán “Pablo Esqueira & Tonecho Castelos” e “Comando Curuxás”; concertos ambos que terán lugar no Cantón de San Roque a partir das 19:00 horas. Previamente, ás 18:00, haberá un espectáculo para o público infantil a cargo de “Pakolas”.

Solidariedade, sostibilidade e deporte na VII Media Maratón “Os 21 do Camiño”



A VII edición da Media Maratón “Os 21 do Camiño” celebrárase o vindeiro sábado 15 de xuño. Será unha xornada na que ademais de disputarse a proba deportiva tamén se realizará unha recollida de tapóns de plástico que irán a parar á Asociación Tapones Solidarios, como xa aconteceu o ano pasado. Ángel García, presidente da Asociación Deportiva Cerne agradeceu o seu traballo aos máis de 100 voluntarios que colaborarán coa proba para que poida levarse a cabo sen ningunha incidencia e apuntou a un cambio realizado nos dorsais este ano, onde o número de corredor pasará a un segundo plano fronte ao nome do corredor que irá en letras grandes no dorsal. A Media Maratón “OS 21 do Camiño” conta este ano con 800 inscritos entre os que se atopan coñecidos do mundo do running como Elías Domínguez, Akka Essaadaoui, María Jesús Gestido ou o corredor local Anxo Castro entre outros. Este ano como novidade, a Media Maratón aumentou a súa participación en 50 persoas con respecto ao 2018. Tamén por primeira vez este ano eliminaranse todo tipo de bolsas de plástico e entregárase a cada corredor unha árbore como agasallo. Non faltará nesta edición a gastronomía melidense xa que os doces típicos de Melide, os melindres, agardarán aos corredores no cantón de San Roque, ao pé de meta.

Clausura das Escolas Deportivas e Culturais do Concello de Melide



Melide puxo o punto e final ao curso 2018-2019 das Escolas Deportivas. Así, no pavillón da Martagona e ante numeroso público, máis de 200 participantes en pista realizaron demostracións das actividades aprendidas durante todo o curso. Disciplinas clásicas como pode ser o fútbol sala que conxugou oferta terapéutica e deportiva de Bule Melide así como artística entre os bailes de breakdance que fixeron os adolescentes de baile moderno. Pola súa parte, as Escolas Culturais clausuráronse coa exhibición de ballet, teatro, gaita, percusión e a actividade de corte e confección, onde o alumnado desta modalidade realizou un desfile coas prendas elaboradas nas clases. Tamén a Casa da Cultura albergou unha exposición coa mostra dos traballos realizados neste curso polo alumnado de debuxo e pintura do Concello de Melide.

Máis de medio millar de escolares participaron no Corremelide 2019



Música, xogos populares e baile animaron a edición Corremelide 2019 na que participaron máis de medio millar de escolares pertencentes ao CEIP nº1 de Melide, CEIP Martagona e CEIP Mestre Pastor Barral, CEIP Arcediago, CEIP de Toques e IES de Melide. O obxectivo un ano máis, correr polas rúas do casco vello da vila de Melide para fomentar o uso do idioma galego. Nesta ocasión colaboraron tamén no evento o Concello de Melide, JIM Sport e Cabreiroa. A carreira percorreu as principais rúas da zona histórica de Melide, partindo da rúa Alhóndiga e seguindo un trazado que varía segundo as categorías, ata chegar á meta, instalada na praza do Convento. No Corremelide participan en varias quendas os escolares das distintas categorías que abranguen benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil, ou o que é o mesmo, dende terceiro de primaria ata alumnos de bacharelato. A xornada deu comezo ás 10.30 da mañá cando os rapaces do instituto de Melide leron un manifesto que eles mesmos elaboraron nas aulas, para dar continuación ás carreiras.

Alumnos do colexio de Arcediago explican nun vídeo como tratar á avespa velutina



Os nenos de 5º e 6º do CEIP Arcediago en Santiso protagonizaron un vídeo no que amosan a maneira de tratar á avespa velutina. Con esta iniciativa, dende o Concello pretenden achegar os máis pequenos ás novas tecnoloxías da Aula de Recursos TIC da Concellaría de Cultura do Concello de Santiso. Trátase do primeiro dunha serie de proxectos nos que, dun xeito lúdico, os nenos e nenas do colexio, e tamén os veciños e distintos colectivos como asociacións e Escola de Música, poderán ir participando. Deste xeito, de cara ao futuro está prevista a realización dun ciclo de vídeos polas dezasete parroquias do municipio, onde os máis pequenos relatarán a historia e as lendas de cada lugar así como os recursos patrimoniais, culturais e turísticos da zona dos que podemos gozar hoxe en día.

Máis de 3.000 euros de solidariedade

Melide reuniu a máis de 4.000 persoas no palacio de congresos e exposicións da vila o pasado xoves 16 de maio para celebrar unha edición máis da gala solidaria, que con esta xa van seis. A Fundación Andrea e a Fundación Cris, estiveron presentes en Melide durante a gala solidaria para recadar fondos. En total, recadáronse máis de 3.000 euros directamente a falta de contabilizar aínda, segundo informacións da organización, as doazóns que se fixeron nas contas bancarias. En canto ás actuacións, enriba do escenario estiveron O Combo Dominicano, a Orquestra Ibiza e La Gramola discotecas móbiles.



En canto ás actuacións, enriba do escenario estiveron O Combo Dominicano, a Orquestra Ibiza e La Gramola discotecas móbiles.

Campionato Ibérico de Kickboxing



Sao Joao da Madeira (Portugal), acolleu o campionato Ibérico de Kickboxing que enfrontaba ao campión de Portugal contra o campión de España. A Selección Española desprazou a un equipo entre os que se atopaba Aron Ayude, da Escola Ayude de Santiso, na categoría absoluta e que se alzou co título. É o primeiro título internacional desta temporada, ademais de ser o único sénior en ganar o título da Selección. O próximo compromiso internacional será o campionato do mundo a celebrar en Turquía no mes de novembro. Na foto, Aron con Jose Ayude, membro do equipo técnico da Selección Española.

Mostra canina internacional en Melide

O pazo de congresos e exposicións de Melide acolleu unha exposición internacional canina que achegou a milleiros de persoas á vila para visitar esta iniciativa e mesmo participar dela. Organizada pola Sociedade Canina Galega, contou entre os seus asistentes con participantes nacionais e doutros países como Francia, Bélxica, Portugal, Rusia, Reino Unido, Perú, México e Alemaña. O evento congregou a máis de 1.000 exemplares inscritos en 120 razas diferentes.



X Xuntanza cabalar en Melide



O Concello de Melide colaborou un ano máis coa Asociación Cabaleiros do Bocelo na súa xuntanza anual que tivo lugar a primeira fin de semana de xuño. Este ano a iniciativa celebrou o seu décimo aniversario e contou con máis de medio milleiro de participantes achegados dende todas as provincias de Galicia. O encontro foi no palacio de congresos e exposicións melidá onde os participantes compartiron un xantar para coller forzas e, xa pola tarde, realizar unha ruta polos montes de Melide e Toques. ÁS 22.30h todos os participantes compartiron unha cea no palacio de congresos e exposicións, onde contaron con música ata ben entrada a madrugada.

Actividade cinexética

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) a resolución pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies para a tempada 2019-2020. Entre as principais novidades cómpre subliñar a ampliación en case un mes do prazo hábil para a caza do xabaril, que irá do 24 de agosto ao 29 de febreiro.

Remata o obradoiro de memoria



O Concello de Melide clausurou o obradoiro de memoria que dende o pasado mes de outubro se celebrou no Centro Social durante dúas horas os luns pola mañá. As encargadas de levar a cabo este obradoiro foron María Jesús Segade, educadora familiar e María Gómez, psicóloga, ámbalas dúas persoal local. Un total de 25 persoas acudiron durante este curso ao obradoiro de memoria, onde de xeito gratuito puideron mellorar as súas capacidades cognitivas mediante diferentes exercicios de reforzo. A actividade retomarase no mes de outubro.

Festa dos maiores en Toques



Os maiores de Toques celebraron a comezos de xuño unha edición máis da súa festa. Centos de persoas déronse cita no pavillón municipal para pasar un día de confraternidade no que non faltou a animación musical.

Festival Motorock Milli-Riders

A praza Rosalía de Castro de Melide será os días 28, 29 e 30 de xuño escenario da sétima edición do festival motorock Milli-Riders. Ao longo de tres días celebraranse diferentes actuacións como os concertos de Leirabuxo, Os Residuos Atractivos, ou Dagla na xornada do venres. Na xornada do sábado terá lugar a tradicional ruta moteira a partir das once da mañá e o concerto estrela ás doce da noite a cargo de Vargas Blues Band. Xa o domingo a mañá desenvolverase una nova ruta moteira que rematará en xantar e entrega de agasallos.

Servizo militar obrigatorio, si ou non?

Dende que deixou de existir o servizo militar obrigatorio en España temos oído comentarios en moitas ocasións de se era algo positivo ou negativo para a sociedade en xeral o feito de ter que facer "a mili". Ben, pois como o tema é merecedor de controversia, sendo as opinións tan dispares principalmente entre a xente moza e a de idade xa avanzada, intentaremos facer algunhas reflexións ao respecto contando co coñecemento que nos dan tanto os anos vividos como o feito de haber estado nada menos que 34 meses no servizo militar.

Houbo novas nos medios escritos, non fai moito tempo, de que en Suecia tornaría a ser obrigatorio o servizo militar sen que ata o de agora se desen explicacións do porqué, e tampouco de se sería só para homes, como o foi aquí en España no seu entón, ou tamén para mulleres.

Como dixen antes, fixen o servizo militar obrigatorio durante case tres anos; pero non vos vou aburrir agora contándovos as cousas boas e malas que por aquel entón tiven que pasar. Ademais de que, como di o refrán: "cada un fala da feira segundo lle foi nela" e, aínda que a min non me foi moi mal, tampouco foi como estar de festa ou ir de romaría. Sen embargo, vou citar tres cousas que me parecen positivas para a sociedade civil:

PRIMEIRA. Ter ido ao servizo militar significaba para o home o que na alta sociedade era "la puesta de largo" para as señoritas -algo tan de moda na antigüidade-, ou sexa, pasar de adolescente a adulto. De feito, cando unha moza nova comezaba a "falar" cun mozo, o consello da nai era que non se fiasse del porque aínda tiña que ir ao servizo militar e danzar moito polo mundo adiante.

SEGUNDA. Moitos homes que chegaron ao servizo militar sendo analfabetos puideron aprender a ler e escribir porque se lles deu clases de cultura xeral no propio cuartel onde facían a "mili".

TERECEIRA. Para aqueles que viñan de vivir con seus pais, que eran a maioría, dábanse conta por primeira vez do "ben que se estaba na casina". O caso era que ti chegabas a onde non te coñecía ningúen e onde te trataban sen contemplación algunha, tanto se eras humilde como se eras un sinvergónza, ata que pasados algúns meses xa ías recibindo polos teus xefes o trato que merecías.

Tamén aprenderías que a túa vida dependería de como fose o teu comportamento; que non se pode protestar por todo e que necesitas abrir moito os ollos, tanto de día como de noite, se é necesario. Teño oído que se volvese o servizo militar recuperaríase o patriotismo, hoxe moi deteriorado para algúns españois; pero eu non estou de acordo con esta teoría, pois creo que o patriotismo vai moi paralelo coa cultura de cada país.

Xosé Núñez López

CHUVIA DE PAPEL

Lembranza...

Eles fálanme e eu non sei quen son, levan unha tempada vivindo comigo, ás veces as súas caras sóanme como se xa as vise anteriormente, pero eu non sei quen son. Algúns chámanme avoa, outros nai, outros sogra... Pero eu non sei quen son. Moitas veces emocionanse cando lles digo que eu non os coñezo de nada. Pero eu non sei quen son. Danme bicos e agarimos e, sendo sincera, cóidanme moito. Pero eu non sei quen son. Dende hai tempo esas persoas non me deixan saír soa á rúa e dinme cousas como:

- Miña nai, se sae soa vaise perder.

Eu nunca me perdín na miña vila, pero o que ultimamente me preocupa é que esas persoas me chamen nai cando eu aínda non teño fillos. Eles chámanme nai, pero eu non sei quen son. Eu boto de menos a miña familia. Hai moito que non a vexo, como a miña nai que me arroupaba todas as noites, o meu pai que sempre acostumaba estar serio pero tiña un corazón tan grande coma el mesmo; a miña querida avoíña, que me cantaba coa súa fermosa voz arrolos no berce; a miña irmá, que lle encantaba bailar nas romarías da parroquia. Eu bótoos moito de menos, pero sei que pronto os volverei ver. Cando lles pregunto a esas persoas pola miña familia dinme cousas que non logro entender, como que eles xa non están con nós e que elas son a miña familia. Pero eu non sei quen son. Ti, miña cabeciña, porque non me deixas lembrar estas persoas que me queren tanto e a quen sei que quixen, que quero e que sempre quereirei moito?

Alba López Regueiro

Alumna de 1º de Bacharelato do IES Melide

Suave. Cremoso. Nutritivo.

Queixo Arzúa-Ulloa

O tradicional queixo galego

Certificado pola
Denominación de Orixe Protexida

queixo@arzuu-ulloa.org
Tfno. e fax: 981 50 76 53








EVIDENCIAS

Todo era luz ata que prendín a lámpada.

Todo comezou cun renxido na porta, o ruxir do chan, o correr dos ratos. Ata que os meus ollos fundiron coas pedras.

Paula Valiño Vázquez
Alumna de 1º de Bacharelato do IES Melide

MORTE

O axóuxere que soaba por toda a casa deixou de soar non está quen o facía tocar

Escóitanse ao lonxe verbas de temor,
rompe o silencio un sentimento de dor

As bolboretas trocan as súas cores por un negro,
o seu aloumiño volveuse tebro

Xa non se escoita nada, o silencio encheu a estancia,
a morte marchou deixando a súa fragancia.

Paula Regueiro Freire
Alumna de 2º de Bacharelato do IES Melide

ROMA

Que sería Roma sen a súa Grecia
Mais que unha nazón de sangue
Máis que unha nazón agresiva e egoísta
Que sería Roma sen Grecia

Sen hélade mediterránea
De grande beleza epicúrea
De verdescentes costas azuis
Campo, bandeiras, vitoria e Grecia.
Sempre Grecia.

Cristian Álvarez Mejuto
Alumno de 2º de Bacharelato do IES Melide

A FIN

A vida xa chega á súa fin,
como se fosen dous días.

Xa podo ver o seu remate,
e a luz ao final do túnel.

Marta Prado Mariño
Alumna de 2º de Bacharelato do IES Melide

IMPERIO AUSTROHÚNGARO

Por que outro imperio desexa a coroa?
Que lles pasa que non a deixan repousar?
Por que seguen querendo reinar,
nunha terra de bélica desolación?

Vieneses que reclaman a chegada dun novo rei
Vieneses que piden a gritos a unión dinástica
Vieneses que choran, rin, e berran polo advento final dun imperio

Mais que din os húngaros

Que os vieneses non existen
Que é Austria acaso; mais que outra nazón das Europas?
Seguiremos o noso camiño, sen nacer imperial
Sós agardando novo rei

E así chorou o emperador austríaco, soño real frustrado
Imperio austrohúngaro, que non nacería
Imperio inexistente, nazón do ar
Solitaria Austria que choras nos Alpes
Algún día o imperio chegará.

Cristian Álvarez Mejuto
Alumno de 2º de Bacharelato do IES Melide

“Temos unha perspectiva moi egoísta da estrada, todos nos cremos donos dela”

- **Autoescuela Marte conta cunha longa traxectoria. Como xurdiu?**

- **Conchita Rodríguez (C.R.):** Si. É a autoescuela máis antiga de Galicia. Fundouna hai moito tempo, creo que no ano 1951, un militar na Coruña que supoñemos que lle chamou Marte porque estaba preto dunha praza que recibía ese mesmo nome. Fíxate se hai tempo que practicamente non había tráfico, pero montou a autoescuela como se nada. Empezou por aí, despois pasou a mans doutra familia e a esa familia comproulla o actual propietario, que é de Melide, creo que no ano 1968. Ao ser de Melide, aínda que comezou na Coruña abriu posteriormente unha sección en Melide, xa nos anos 70 máis ou menos. Ademais na Coruña tamén hai varias seccións.

- **A canta xente empregan actualmente?**

- **C.R.:** A unhas 12 persoas.

- **Como é o funcionamento dunha autoescuela?**

- **C.R.:** Nunha autoescuela hai un director e logo os profesores. O director é o que coordina a ensinanza, dá unhas pautas e organiza o traballo, que todo teña un sentido, non se trata só de dar clase, hai que dala con un criterio, creando uns costumes e hábitos que máis tarde queden no alumno, non só se trata de dar a lección e aprobar. E o profesor é o que executa, co seu estilo, que o alumno supere a teoría e a práctica no menor tempo posible. Trátase de optimizar, esa é a clave, porque en realidade a xente sempre vai aos exames cun nivel xusto porque ninguén quere practicar demais, esa é a realidade, e iso que a estrada é o máis parecido a un campo de batalla.

- **A un campo de batalla? A que se refire?**

- **C.R.:** Ti vas á guerra e hai caídos, feridos, hai accidentes; e na estrada cada ano tamén morren centos de persoas en accidentes de tráfico, e aínda así ninguén quere practicar demais, pese a ser o máis parecido a un campo de batalla. A xente vén coa misión de aprobar, pero conducir im-

Leva máis de seis décadas en funcionamento e, como é lóxico, a metodoloxía e o sector cambiaron moito. Coa responsable de Autoescuela Marte en Melide, Conchita Rodríguez, facemos un percorrido por todos estes anos e analizamos a educación viaria que recibimos hoxe en día.



plica unha responsabilidade, unha actitude e un comportamento, asumir uns riscos e saber xogar con eles. Non é ir e chegar; é ir, chegar e volver, e facelo ben e con respecto porque as consecuencias de non facelo así poden ser nefastas.

- **Dáselle a importancia necesaria ao carné?**

- **C.R.:** A inversión que se fai nun carné, aínda que para o que paga sempre é moito, nunca é suficiente. Estás creando algo que te vai a poñer en risco cada vez que collas o coche, entón, non lle damos a importancia que ten realmente, e na formación non se valora, porque o que fas dende que saes da autoescuela é empeorar. Todos cremos que somos moi bos. Un dos exemplos máis claros é o stop, cando saes da autoescuela fas o stop, co paso do tempo acostúmonos a facer un ceda o paso. O que investimos en conducción con respecto á ferramenta que nos dan despois é pouco.

- **Canto tempo considera necesario para sacar o carné?**

- **C.R.:** Depende de cada un, iso é algo moi persoal. Todo o mundo pode conducir, o que ten que saber cada un son as súas limitacións, así que cada

un o tempo que necesite, non hai nada estipulado. Iso si, eu recomendo sacalo canto antes mellor porque tes máis capacidades psicomotrices, máis capacidade para absorber información, etc.

- **Quen saca máis o carné?**

- **C.R.:** Máis mulleres que homes, pero por pura estatística; é dicir, porque hai máis mulleres que homes. Por iso temos máis alumnas que alumnos. E tamén diría que teñen mellores porcentaxes de aprobado as mulleres que os homes; digamos que na teórica son máis constantes.

- **Que lle resulta máis complicado aos alumnos?**

- **C.R.:** A práctica en xeral. A teoría hoxe en día non é difícil. Iso si, ao facela por Internet estamos perdendo algo moi importante; o feito de que os alumnos non veñan á clase fisicamente non nos permite moldealos e poñerlles exemplos que sempre quedan aí na aprendizaxe. Ás veces o que vén no manual non é o que máis che marca, senón os exemplos que poñemos na clase, as experiencias, anécdotas, as reflexións, o espírito crítico e que che fagan pensar; ese tipo de cousas que te poden marcar e que che poden acor-

dar cando vas conducindo. E lamentablemente ese molde estase perdendo porque ao facer os test por Internet non hai contacto co profesor nin cos compañeiros na aula.

- **E de que se saca máis o carné?**

- **C.R.:** De coche por suposto, aínda que nós dámoslos todos: de camión, de autobús, de moto, etc. E tamén damos o curso do CAP.

- **A pregunta é obrigada, quen conduce mellor, os homes ou as mulleres?**

- **C.R.:** As mulleres conducen mellor que os homes (risas), é a realidade, tenden a cumprir un pouco máis as normas.

- **E en xeral, respectamos as normas os condutores?**

- **C.R.:** Non, e digo non en xeral, case ninguén. Se un sinal indica 50, é 50, non é nin 51 nin 70, pero tendemos a interpretar as normas á nosa maneira e aí veñen os despistes e os accidentes. A xente tenlle medo aos furacáns e non lle ten medo aos coches, e por poñer un exemplo, cando nos cruzamos na estrada con outros coches moitas veces cruzámonos a 100 por hora e cun espazo entre nós de metro ou metro e medio. Estamos falando de erros de medio

metro ou metro e medio que nos poden custar a vida. Se fóssemos conscientes diso creo que algúns xa non conducirían.

- **Non somos conscientes do perigo?**

- **C.R.:** Absolutamente nada. Conducimos e actuamos de forma automatizada todos os días. Podo poñer outro exemplo, na Fórmula 1 levan 5 puntos de agarre, van sen móbil, sen distraccións, adestran e todo iso para conducir durante hora e media nun circuito con todas as medidas de seguridade; e nós na vida real con só tres puntos de enganche no cinto de seguridade e nada máis conducimos coa radio, atendendo o móbil e pensando en calquera cousa. E a todo iso hai que sumar que sempre imos con présa e que todos temos unha perspectiva moi egoísta da estrada, todos nos cremos donos dela, o condutor dun coche que a estrada só é súa, o ciclista igual, o camioneiro tamén, cando en realidade a estrada é de todos, incluso dos que non teñen carné e van andando. É normal que haxa accidentes.

- **Cre que hai poucos?**

- **C.R.:** Moi poucos comparado que podería haber. E grazas que melloraron as estradas, a sinalización, e tamén os automóviles e os seus sistemas de seguridade.

- **Debería estar máis presente Tráfico nas estradas?**

- **C.R.:** Creo que hai poucos, pero iso non quere dicir que teña que haber máis, o que ten que haber é concienciación nas persoas sobre o que temos que facer e o que temos que deixar de facer, e iso vai na nosa educación viaria, que tamén nos falta moita. Pensa que sacamos o carné e nunca máis volvemos a unha autoescuela, cando deberíamos ter formación dende pequenos e a autoescuela considerala como o remate, non o principio e a única formación.

Autoescuela Marte

**Tlf: 981 505 460
Ronda da Coruña, 38
(Melide)**

NOITE ABERTA DOS COMERCIOS

21 DE XUÑO Melide
17:00h. ás 24:00h. A Coruña

ANTICIPATE AS REBAIXAS

1000 € EN PREMIOS
DURANTE A XORNADA

ORGANIZA:



COLABORADORES:



3x1

ATA
50%
D.T.O.

2x1

ESTABLECEMENTOS
PARTICIPANTES:

ALAIN AFFLELOU
CALZADOS BROZ
COLORÍN COLORADO
DIVA PRO HAIR & BEAUTY
EKATÉ
ELECTROSAN
GRUPO NOGUEROL
LEIVA MOTOSPORT
MAGNÍN MODA
MERCERÍA ISABEL
MERCERÍA MARVI
MIS MEJORES LABORES
MODAS DÁNDOLO
MUXICA — TENDA XOVEN
M&M MODA
ÓPTICA TÁBORA
PARAFARMACIA O CANTÓN
PASARELA
ROMERO ZAPATERÍAS
SALACADULA SHOP
SISUKA MODA
SPORT MODA
SUEÑOS
TOYS MANIATIC
TU BOUTIK
ZAPATERÍA PEQUENIÑOS